

DOI: <https://doi.org/10.17979/rgf.2014.15.0.3630>Revista GALEGA
de Filoloxía

O galego dos escritores e das escritoras da comarca de Sarria

Andrés Pociña
Universidad de Granada

Resumo:

Este artigo estuda algunhas particularidades do galego empregado polas escritoras e polos escritores da comarca de Sarria (Lugo), cuxas obras pertencen á segunda metade do século XX. Despois de precisar os límites da comarca de Sarria, o autor propón unha lista de 19 escritores dos dous sexos, prosistas e poetas, que presentan un uso particularmente orixinal do galego, diferente en cada quen, pero con nidias bases comúns. Especial atención é prestada ás obras de Marica Campo, Amable Veiga Arias, Camilo Gonsar, Xela Arias e Fiz Vergara Vilariño.

Palabras chave:

Sarria, escritores, século XX, galego, particularidades lingüísticas.

Sumario:

1. A Comarca de Sarria. 2. Os escritores e as escritoras da Comarca de Sarria. 3. O que temos de común na aprendizaxe do galego. 4. Marica Campo. 5. Amable Veiga Arias. 6. Camilo González Suárez-Llanos, no mundo literario Camilo Gonsar. 7. Xela Arias. 8. Fiz Vergara Vilariño. Referencias bibliográficas.

Sarria writers and the use of Galician in their work

Abstract:

The author studies the special form of the Galician language used by the writers from the region of Sarria (Lugo), whose works were written and published in the second half of the 20th century. After defining the limits of the region of Sarria, he offers a list of 19 writers of both sexes, prose writers and poets, who present a particularly original use of the Galician language, different in each author but with interesting common bases. He pays special attention to the works of Marica Campo, Amable Veiga Arias, Camilo Gonsar, Xela Arias and Fiz Vergara Vilariño.

Key words:

Sarria, writers, 20th century, Galicia, linguistic peculiarities.

Contents:

1. Town and locality of Sarria. 2. Writers of Sarria. 3. The way we learned Galician. 4. Marica Campo. 5. Amable Veiga Arias. 6. Camilo González Suárez-Llanos, and the literary world of Camilo Gonsar. 7. Xela Arias. 8. Fiz Vergara Vilariño. Bibliography.

A idea desta breve achega á lingua galega dos escritores e das escritoras da comarca de Sarria non xurdiu en min de forma espontánea: foime encargada para intervir nun cursiño que debía celebrarse na vila de Sarria, no ano 2010, a propósito do Camiño de Santiago, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela. Por razóns que nunca coñecín de certo, non chegou a realizarse; dous anos despois, fun invitado a presentar como conferencia aquel texto, que quedara durmido nun caixón, na Sociedade Cultural e Recreativa La Unión de Sarria: as páxinas que seguen son a base da miña intervención¹.

1. A Comarca de Sarria

Conforme ao tema que me fora proposto para a miña intervención no cursiño, había dous aspectos que tiña que considerar antes de comezar: o primeiro era que íamos entender por “Comarca de Sarria”; o segundo, que escritores tiña que tomar en consideración.

A resposta á primeira pregunta foi doada, porque a achei sen grande problema en dous escritores de Sarria, aos que apreciaba moitísimo dende había incontábeis anos: o primeiro era Antonio Díaz Fuentes, autor dunha preciosa e documentadísima *Toponimia de la Comarca de Sarria*, publicada en 1998 pola Deputación de Lugo (Díaz Fuentes 1998), da que eu tivera a inmerecida sorte de ser invitado polo autor a poñerlle un pequeno prólogo. Para Díaz Fuentes non existe dúbida encol da extensión territorial da comarca de Sarria: nada mais comezar a “Introducción” á súa *Toponimia*, indica que está constituída por sete concellos, que, por orde alfabética, son “Incio, Láncara, Paradela, Páramo, Samos, Sarria y Triacastela” (Díaz Fuentes 1998: 13 s.). Por se algún quixese, como teño visto nalgún caso, non estender tanto a comarca da nosa Vila, recorrín tamén á persoa que penso que máis sabía sobre ela, Víctor López Villarabid, quen, nunha fermosa, ilustrativa e moi divulgada guía de Sarria, escribe: “Las ‘Terras de Sarria’ están formadas por los municipios de Sarria, Láncara, O Incio, Paradela, O Páramo y Samos, seis ayuntamientos que configuran el Partido Judicial. Un séptimo municipio, el de Triacastela, aunque no de forma ofi-

1 A conferencia, co mesmo título que leva este traballo, tivo lugar o día 17 de agosto de 2012, dentro das actividades culturais que organiza La Unión cada verán. A versión orixinal ía dedicada ao famoso escultor de Sarria e moi querido amigo José Díaz Fuentes, que falecera o 30 de maio de 2010; na presentación da conferencia, dous anos despois como xa dixen, tiveron que engadir os nomes de tres outros moi queridos amigos de Sarria, que tiveron e terán sempre un papel moi importante na cultura da Vila; escritores os tres, cada un nun eido particular, que saían na versión orixinal do traballo, cando aínda vivían: Víctor López Villarabid (falecido o 19 de setembro de 2009), Valentín Arias López (falecido o 25 de marzo de 2011) e Antonio Díaz Fuentes (falecido o 27 de maio de 2011). Estas páxinas queren ser a miña sinxela homenaxe aos catro.

cial, sí está físicamente dentro de esta comarca, pues comparte con ella las aguas de sus ríos, las comunicaciones y las actividades fabriles” (López Villarabid 1995: 11). A coincidencia das dúas autoridades resulta total, de modo que as considero válidas e non me deteño máis neste asunto.

2. Os escritores e as escritoras da Comarca de Sarria

Máis difícil me resultou facer a lista dos escritores e das escritoras da Comarca de Sarria. Malia que calquera podería pensar que non ía ser moi longa, partindo dos límites de ter nacido no século XX nos sete concellos antes lembrados, ou ben ter pasado neles unha parte importante da vida, achei os nomes da relación que presento a continuación, tomando como base documental o útil libro *Autores lucenses actuais* (Xiz et alii 1994), publicado pola Deputación de Lugo, con datos pechados en decembro de 1992, e o *Diccionario da Literatura Galega* coordinado por Dolores Vilavedra, publicado un ano despois (Vilavedra 1995). Esta foi a lista resultante, na que sinalo só o lugar e o ano de nacemento:

- Arias Castaño, María de los Ángeles (Xela Arias), Lugo, 1962
- Arias López, Valentín, Sarria, 1934
- Caldeiro Díaz, Eloi, Sarria, 1955
- Campo Domínguez, María Pilar (Marica Campo), Val do Mao (O Incio), 1948
- Celeiro Álvarez, Luis (Lois Celeiro), A Balsa (Samos), 1955
- González Suárez-Llanos, Camilo (Camilo Gonsar), Sarria, 1931
- López Arias, Xaime Félix (Arlindo), Sarria, 1949
- López López, Aurora, Sarria, 1948
- López Villarabid, Víctor, S. Miguel de Vilapedre (Sarria), 1936
- Losada Castro, Basilio, Pobra de San Xiao, 1930
- Mato López, María Isabel (Mabel Mato), Paradela, 1969
- Mato Mato, Xesús, S. Martín (Paradela), 1932
- Pallares López, Manoel Ramiro, Paradela, 1911
- Piñeiro López, Ramón, Lán cara, 1915
- Pociña Pérez, Andrés, Lugo, 1947
- Rodríguez López, Manuel, Sarria, 1934
- Silva de Castro, Emilio, Sta. Mª de Lier (Sarria), 1902
- Veiga Arias, Amable, Triacastela, 1929
- Vergara Vilariño, Fiz, Santalla de Lóuzara (Samos), 1952

Nesta lista de dezanove nomes, homes e mulleres que publicaron parte da súa obra ou a totalidade en galego, hai dous que non naceron na comarca de Sarria. En Lugo naceu Xela Arias, pero por vontade familiar, da que nunca renegou ela, a poeta morta tan nova o 1 de novembro de 2003, foi inscrita no Rexistro Civil de Sarria, como conta con detalle o Cronista Oficial da Vila, Xaime López Arias, a quen todos e todas chamamos Arlindo, no libro homenaxe *Xela Arias, quedas en nós* (Arias 2004: 17). Nunca sería eu quen de negarlle a patria sarriá a Xela, senón ao contrario: Sarria debería recoñecerlla de xeito oficialmente visible, por exemplo dedicándolle unha rúa. Tampouco nacín eu en Sarria, senón en Lugo; porén, aos seis anos e medio de idade aí estaba eu; daquela, merecidamente ou non, son sarrián de lingua, pois aquí aprendín as dúas linguas da miña nenez.

Queda un problema: as miñas fontes de documentación só comprenden escritoras e escritores que xa tiñan obra publicada en 1992; daquela, deixan fóra os nomes de quen comezaron a publicar nos dezaioito últimos anos. Por suposto, hainos, e lamento moito a súa ausencia na miña lista. Vou poñer un exemplo só: eu non coñezo persoalmente un poeta, narrador e xornalista chamado Manuel Darriba, nado en Sarria en 1973, que gañou en 2010 o prestixioso premio de Poesía Miguel González Garcés, cunha obra titulada *Os indios deixaron os verdes prados*. Pero Darriba xa tiña libros, en verso e en prosa, publicados antes: xa de antes, na miña biblioteca había o poemario *Vostede non sabe con quen está a falar*, editado como segundo libro de poemas do autor por Espiral Maior en 2006, pois foi precisamente a obra que obtivo o XIII Premio de Poesía Espiral Maior no ano 2004². En resumo, este artigo –que non pretende ser unha exhaustiva investigación sobre o tema, senón o alicerce dunha conversa convosco sobre o tema interesante que promete no título– non entrará no galego dos escritores e escritoras da Comarca de Sarria dos últimos tempos; pero hai que ter sempre en conta que as condicións nas que adquiriron a lingua galega é, en xeral, absolutamente diferente da meirande parte dos case vinte escritores que nacemos vinte, trinta ou máis anos antes, é dicir, antes da Guerra Civil, nela ou nos corenta anos da Ditadura.

-
- 2 Novo aínda cando reviso por última vez este traballo (setembro de 2012), Manuel Darriba conta xa cunha longa lista de publicacións, en verso e en prosa, que non permitirían deixalo fóra dun traballo sobre autores e autoras de Sarria, considerando ademais que a súa narrativa é sen dúbida unha das máis interesantes que está a escribirse actualmente na literatura galega. Estes son os seus libros principais: en verso: *Calor*, A Coruña, Espiral Maior, 1997; *Vostede non sabe con quen está a falar*, A Coruña, Espiral Maior, 2006; *Os indios deixaron os verdes prados*, A Coruña, Deputación, 2010. En prosa: *Paf Xarope*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1996; *Otonos espectaculares*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1998; *Velada do billarista*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2001; *Accidental*, Vigo, Galaxia, 2003; *Experimentos coa mentira*, Vigo, Galaxia, 2005; *Branco*, Vigo, Galaxia, 2009.

3. O que temos de común na aprendizaxe do galego

Por diversas razóns, que irán saíndo pouco a pouco, penso que non existe na case totalidade do século XX un número importante, nin sequera un grupo, ao que poidamos nomear como “escritores/as de Sarria”, ou cousa semellante. Desas razóns, que acabo de sinalar que son varias, sen dúbida a máis importante consiste no feito de sermos, moitos e moitas, escritores na diáspora, que vivimos fóra de Sarria, por veces en poboacións de Galiza, outras veces moito máis lonxe. Non coñezo a biografía das vinte persoas da lista que relacionei, pero sei de seguro que polo menos a metade pasou, ou pasa, a vida máis ou menos lonxe de Sarria.

E principiamos na nenez: dos dezanove da lista, catorce nacemos antes de 1950; daquela, non fai falta dicir que lecturas galegas na nosa nenez rara vez existen; practicamente todas e todos aprendemos a ler en castelán, as catro regras en castelán, o Catecismo en castelán... Aí reside a nota máis importante desa diferenza que hai, polo que respecta á lingua galega, entre nós e os escritores e escritoras nados nos últimos trinta anos. Nós fomos educados en castelán, pero nunha comarca que falaba galego decote; moitos e moitas nunha familia na que se falaba galego.

De xeito moi diferente foron os nosos “mergullos” no galego, cando os houbo; aprendemos galego, refírome ao galego para escribirmos, non ao coloquial, e comezamos a escribir en galego, de modos moi diversos; cadaquén podería falar do seu modo peculiar de aprender galego. Porén, fose como for, o feito fundamental é que todos e todas, dende neniñas e rillotes, escoitabamos o galego que falaban as xentes máis ben da Comarca que as da Vila de Sarria; un galego peculiar, moi marcado, típico dos concellos do interior de Lugo. Non vou facer aquí unha historia do galego da Comarca de Sarria, pois iso sería unha tese de doutoramento, ou varias; limitareime a lembrar trazos peculiares nosos, que logo fomos cambiando polo galego “normativo” que se foi xeneralizando co ensino oficial da lingua, despois do remate da ditadura. Nós escoitamos sempre, de nenos, *estaciós*, *lecciós*, *ó*, *ós*, *mau*, *irmau*, *verau*; *eiquí*; *cas*; *millor*, etc. Hai poucas semanas, facendo un estudo sobre a primeira obra galega de Luz Pozo Garza, *O paxaro na boca* (Pociña 2012), sinalaba eu os cambios que a propia poeta fixera da edición orixinal, publicada en 1952, á segunda, publicada nas *Obras completas* en 2003: “pola”/“ponla”, “mau”/“man”, “nai”/“mai”, “cas”/“cans”, “eiquí”/“aquí”, “durmen”/“dormen”, “vrau”/“verán”. Sabido é que a excelsa poeta Luz Pozo Garza naceu en Ribadeo e aprendeu un galego de Lugo, semellante nestas formas ao noso da Comarca de Sarria; un desexo de achegarse ao “galego normativo” motivou eses cambios entre as dúas edicións, que distan medio século.

O galego que escoitamos na nenez, e despois en anos sucesivos, cando estudabamos o bacharelato, en castelán, nas academias de don Plácido Ramos, de don Ramón Bouzas, de Mari Carmen Ribeiro ou no Colexio da Asunción, é a base que lle dá unha certa unidade ao galego, ou mellor, aos galegos e galegas de Sarria que escribiron e escribimos nesta lingua, de forma exclusiva ou alternando co castelán. Con todo, na gran diferenza que existe nas formas e nos medios de arriquecer despois ese galego popular básico, para convertelo en lingua de expresión escrita, é dicir, literaria, reside unha das notas verdadeiramente rechamantes nas nosas escritas: o galego da meirande parte dos escritores e escritoras nados na comarca de Sarria, espallados por Galiza, por España ou polo estranxeiro, ten unha personalidade profunda, que en cada caso precisaría un estudo detallado e que leva a unha lingua literaria moi persoal. Probablemente non sexa isto un fenómeno privativo da comarca de Sarria, pero aquí resulta un feito verdadeiramente curioso. Eu atreveríame a dicir que a indubidable orixinalidade dos escritores e escritoras da Comarca de Sarria débese máis que nada á orixinalidade das súas falas galegas –cadaquén a súa– que crearon sobre a lingua popular común aprendida na nenez.

Este é o meu modo de ver as cousas, e vou tentar explicalo por medio de dúas escritoras e tres escritores, cuxas obras, moi diversas, preocupáronme por razóns múltiples, entre elas unha profunda admiración por todos eles e elas. Trátanse de Marica Campo, amiga inmensamente querida, pola que comezarei; Amable Veiga, queridísimo profesor meu de Latín; Camilo Gonsar, na miña opinión o meirande novelista de Sarria; Xela Arias, unha poeta que escolleu Sarria por patria; e finalmente Fiz Vergara Vilariño, un poeta que coñecín en soños.

4. Marica Campo

A primeira vez que publiquei un artigo sobre Marica Campo foi en *O correo galego*, o domingo 8 de outubro de 2000. Tiña eu daquela unha serie que se chamaba “Tecer con palabras” e que saía cada domingo: era unha páxina enteira, tamaño *tablón*, e ía dedicada a unha poeta: un domingo a unha galega, o seguinte a unha española, o seguinte a unha hispanoamericana ou portuguesa ou brasileira, e de novo volvía ao comezo. En outubro de 2000, cando eu escribín sobre ela, Marica só tiña publicado un libro de poesías, *Tras as portas do rostro* (1992); outro de relatos, *Confusión e morte de María Balteira* (1996); e unha peza de teatro, *O Premexentes non pode cos paxaros rebezos* (1984). Eu tiña ademais outras obras súas, inéditas para o gran público, como o poemario *Pedinche luz prestada*, que xa andaba no prelo, pero non saíría ata o ano seguinte, o 2001; xa que logo, non fai falta dicir que nos queríamos

moito, e que moitas veces chegaban, xa daquela, os poemas de Marica ás miñas mans antes que ás do público lector normal.

Digo todo isto porque naquel tempo, cando non se coñecían tantas obras, en verso, en prosa e teatrais, que publicou despois do libro *Pedinche luz prestada* de 2001³, a min parecíame que Marica, a poeta nada en Val de Mao en 1948, era unha figura excepcional da poesía galega, cousa que o paso do tempo foi confirmando, sen deixar a menor dúbida. Un aspecto que me sorprendeu dende as primeiras lecturas que fixen dela foi o manexo dun galego rico, variado, excelente, preciso, precioso, poético, atinado. O artigo que publiquei en *O correo galego*, que despois a Editorial Compostela converteu, cos que trataban de 54 poetas máis, no meu libro *Tecer con palabras*, titulábase “Marica Campo, buscadora de nomes”. Con semellante título pretendía subliñar que o galego de Marica, buscado con coidado e manexado con mestría, era quizais o aspecto máis salientable da escrita desta poeta, prosista, dramaturga e xornalista nada na comarca de Sarria. Vou reproducir un cachiño do que escribín entón, xunto co poema que ofrecía naquela ocasión como mostra da poesía de Marica:

Esá idea xenial de Rosalía que pare “un país coa palabra” lévame ao primeiro aspecto da poesía de Marica que me chama a atención: a súa preocupación pola palabra, por darlle ás cousas, ás ideas e aos sentimentos o nome axeitado, un nome que, evidentemente, será galego. Cómpre dicir que a profesora María Pilar Campo Domínguez, no eido literario Marica Campo, posúe un coñecemento do galego absolutamente envexable, que se deixa ver no seu verso e na súa prosa, e que responde a unha preocupación constante da escritora: nun poema chega a pensar na posibilidade de que “*Fose escribir / pórllles un nome ás pombas...*”; noutro, verdadeiramente alucinante, fainos estas confesións:

*Quixen saber o nome das cousas
porque non aceptei os nomes
que outros lles daban.
E aventurei mil palabras,
e ría o vento*

3 En 2011 esta sería, segundo os meus datos, a bibliografía de Marica Campo: *Tras as portas do rostro*, A Coruña, Bahía Edicións, 1992; *Confusión e morte de María Balteira*, A Coruña, Bahía Edicións, 1996 (2010, 4ª ed.); *Velaí a muller*, Estuche con 5 cuadernillos. Grabados de Noemí López, Lugo, Fonso R. Castro, 1997; *Pedinche luz prestada*, A Coruña, Espiral Maior, 2001; *Memoria para Xoana*, A Coruña, Espiral Maior, 2002; *Abracadabras*, Sada, Edicións do Castro, 2006; *Confusión de María Balteira* (teatro), A Coruña, Universidade da Coruña, 2006; *Sextinario: trinta e seis + tres*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, 2007; *E Xoel aprendeu a voar*, Santiago de Compostela, Edicións Obradoiro-Alfaguara, 2009; *Onde houbo lume*, Cesuras, Biblos Clube de Lectores, 2010.

*e calaban as cousas
 porque non era o seu nome
 aquel que eu lles daba.
 E entón fixenme vella
 e dixeran coma todos:
 “as cousas polo seu nome”.*
*Pero o pan non é o pan,
 nin tampouco é viño o viño.
 Ese non é o seu nome.
 Tamén eu río se me chaman,
 porque xamais acertan
 a palabra á que respondo.
 Xa non vou facer bautizos.
 As cousas son pagás
 como é pagán o mar
 por máis que teña un nome.
 E volví a nacer cando o souben:
 isto non é isto,
 isto é a pregunta de hoxe
 e a resposta de onte e de mañá.
 Isto é o que se ve e o que esconde.
 Isto é o que di e o que cala.
 Isto é a pregunta,
 nunca un nome.
 Un eterno nadar sen chegar a unha praia.*
 (Campo 1992: 51)

O galego de Marica é elegante, un galego culto pero de base popular, é dicir, sen inventos, neoloxismos atrevidos, estranxeirismos importados. Como se fixo ese galego? Sen dúbida no estudo, na lectura de literatura galega e non galega: Marica ten unha cultura inmensa; e sen dúbida tamén, de escoitalo, de falalo e de ensinalo. Marica sempre falou galego, polo menos dende que eu a coñezoo; sempre loitou polo galego; sempre escribiu en galego; sempre ensinou en galego. Daquela, a escrita de Marica, en calquera dos xéneros literarios que cultivaba, ten unha perfección que xurde do amor total e absoluto posto nunha lingua que escoitou no Val do Mao, en Lugo, en Guitiriz; que mellorou e converteu no seu instrumento de expresión literaria lendo galego e estudando galego. Ese é o modo, penso eu, de conseguirmos unha lingua galega da fermosura que define á de Marica Campo, unha poeta tan de nós.

Hai doce anos, ofrecía eu como exemplo do galego de Marica esa poesía que vimos. Do seu galego de hoxe teño por fortuna unha preciosa mostra, aínda inédita: é o poema “Rosalía”, que compuxo o 14 de xullo do mes pasado, e que leu na Casa de Rosalía, en Padrón, no cento vinte e sete aniversario do pasamento da Poeta:

*Digo, vidente señora dos abismos,
que o teu corazón aínda latexa
no desesperado ecoar das ausencias todas.
E pregunto se habitar as palabras é ceibarse da morte
ou máis ben un estigma,
o cravo que non cesa,
o negror que se alonga alén mesmo da sombra.
Sabemos a epopea do pobo: en ti se fixo verbo de carne magoada.
Porén, hai outra escrita,
outro pozo profundo
a onde a luz nunca chega.
Quen eras ti, de Bastavales camiño?
Onde queimaba a vida para ser tanta a cinsa, tanto o remol do incendio?
Quen eras ti? Que pezoña mortal te envelenaba?
Que pedra chan trocou un día pola desdita os teus soñares?
Vén a chuvia e fai tinta e escribe a lenda e molla a eternidade e mente
e desmente e procura as raíces e sangra:
mais persiste o enigma.
Estamos definitivamente condenados a inventarte,
igual que cegos fronte a un xeroglífico.
Non saberemos nunca que mortais desexos te atormentan,
que rancores te matan
na eternidade inmóbil do poema.
Caemos na tentación de indagar quen está fronte ao espello,
non nos abonda a imaxe que reflicte.*

*Mais ti xa non estás, s u c e d e s,
e no teu suceder creas un mundo.
Este país na néboa,
este misterio nunca acabado e sempre presentado,
onde habitamos, onde nos habitas, lonxe,
que non existiría se ti non existises.*

*Vés torrencial na enchente
do río que nos leva como ladrón furtivo.
Imos en ti ao impulso das súas augas.
Cara ás mareas contigo, e alto o mastro,
tal unha roca, teimando fiar nubes
para tecer o pano da distancia.*

*Regresas, si, regresas, na conta atrás de todos os reloxos
a marcar sempre en punto a hora do desamparo e da rebelión,
con tantas certezas coma dúbidas,
docísimas fantasmas a reclamar xustiza,
a suplicar amor e un pensamento na tumba secuestrada.
Persistes
no esplendor da ferida,
na loita coas palabras para dicir de ti,
para dicir que vives, R o s a l í a.*

5. Amable Veiga Arias

Don Amable Veiga, modo polo que sempre me referín a este ilustre profesor, e sigo a referirme aínda agora, nacera en Triacastela, que é o nome mais precioso de poboación galega na que desexaría nacer un latinista. Latinista foi, e moi bo por certo, don Amable; tanto amaba o latín, que fixo por libre os estudos de Filoloxía Clásica, que non existían daquela na Universidade de Compostela. En 1962 gañou unha cátedra de Latín de instituto, e dese modo o coñecemos os rapaces de Sarria que faciamos o bacharelato por libre; lembro perfectamente, e estou seguro que tamén o farán os que estudaban polos mesmos anos, que cando íamos aos exames ao Instituto Masculino de Lugo, que agora se chama Instituto Lucus Augusti, pediamos ao ceo que nos examinase don Amable, e non o catedrático máis vello, don Froilán López, tamén el insigne latinista, pero que tiña en toda a provincia unha fama terrible de moi esixente. Don Amable sempre demostrou merecer o nome que lle puxeran: era agradabilísimo, simpático, respectuoso e cariñoso cos seus alumnos; eu tiven poucas clases con el, porque no Instituto so cursei o Preuniversitario, do que era titular don Froilán; non obstante, teño un recordo nidio e fermoso das dez ou doce clases que me deu don Amable.

Dixen que o latinista de Triacastela adoraba o latín, pero non menos adoraba o galego. Demostrouno nos estudos que fixo cando xa gañara a cátedra de latín,

conducentes ao doutoramento en Filoloxía Clásica, que conseguiu en 1980, cunha tese que publicou Galaxia en 1983, titulada *Algunas calas en los orígenes del gallego*. Tese en castelán, como todas as daqueles anos, que era un percorrido por textos latinos medievais, dos séculos IX a XII, en busca dos primeiros gromos da lingua galega; falando desta tese, Xesús Alonso Montero, sinala na *Gran Enciclopedia Gallega*: “El libro es un hito, realmente, para los estudiosos de la historia de nuestro idioma. Su rigor, su severa disciplina y su perspicacia para definir con nitidez ciertos fenómenos lingüísticos eran bien conocidos desde que, en 1977, publicó *Fonología gallega* (Valencia), volumen en el que recoge ocho de los trabajos aparecidos, de 1965 a 1974, en la revista *Grial*” (Alonso Montero 1974: t. XXX, p. 8). Podería engadir eu moitas outras cosas sobre o labor de don Amable na investigación, porque, por fortuna, o coñezo ben; e falar deste autor xa se pode ver que non me cansa, porque o admirei moito. O único que pretendo é deixar ben claro o seu amor ao galego, chegando a ser unha auténtica autoridade sobre os comezos históricos da nosa lingua, investigación que o mantiña dacabalo entre o latín, disciplina que ensinaba marabillosamente, e o galego, lingua que non podía empregar naquel tempo como vehículo de expresión nas súas aulas, nos seus libros e seus artigos de investigación.

Don Amable coñecía, falaba e amaba o galego dende a nenez. Alonso Montero, nun artigo que publicou en *La Voz de Galicia* poucos días despois da súa morte, acaecida o 22 de abril de 1994, comenta: “En Triacastela aprendeu Amable Veiga o galego, lingua do seu berce e da súa familia; de feito, nos primeiros anos, o idioma galego foi o idioma da súa instalación” (Alonso Montero 1994: IV). En galego tiveron eu a fortuna de falar con el, en xullo de 1985, no Congreso do Centenario da morte de Rosalía de Castro; lembro ben que tiveron que facer verdadeiras filigranas para sentar a carón del, na Aula Magna da Facultade de Letras de Santiago, pero pagou a pena o esforzo. Falamos e falamos, dos meus tempos de Lugo, non dos seus, pois el seguía sendo fiel ao seu Instituto lugués. Contoume –como non?– o caso da tremenda e apenas coñecida enfermidade que padecía dende moito atrás, un “lupus eritematosus”. E contoume, sobre todo, que levaba moito tempo traducindo ao galego os quince libros dos *Epigramas* de Marco Valerio Marcial; dicía que lle requiría moita dedicación, porque nunca quedaba contento cos resultados; por outra parte, non tiña moi claro que achase en Galiza editor para semellante obra. Eu convencino de que era preciso que non descoidase a tarefa, porque era unha vergoña que houbese tan pouca literatura latina traducida ao galego, que non existise un Marcial en galego. Pois ben, no ano 1993, xa máis gravemente enfermo, don Amable pediu a xubilación da súa cátedra no Instituto de Lugo, e dedicou os derradeiros meses da súa vida a rematar a tradución ao galego de toda a poesía de Marcial. Catro anos despois, a Xunta de Galiza e Editorial Galaxia sacaron á luz

os dous volumes bilingües dos *Epigramas* de Marcial, coa tradución de Amable Veiga Arias, e unha introdución da catedrática de latín da Universidade de Santiago, Dulce Estefanía (Marcial 1999). Unha tradución espléndida, na que achamos unha testemuña inapreciable do inmillorable galego de don Amable, un home que aprendeu o galego en Triacastela, que o estudou ao longo dos anos, a carón dos seus estudos de latín, e do que podemos asegurar, para dicilo unha vez máis en palabras do seu gran amigo Alonso Montero, que “ocupa un lugar muy destacado entre los filólogos gallegos de todos los tiempos, y es un nombre esencial en la Lingüística gallega” (Alonso Montero 1974). Vede un epigrama ousado de Marcial (IV 43), posto con xeito e exactitude en galego polo grande latinista e galeguista de Triacastela:

*Non dixi, Coracine, te cinaedum:
non sum tam temerarius nec audax
nec mendacia qui loquar libenter.*

*Si dixi, Coracine, te cinaedum,
iratam mihi Pontiae lagonam,
iratum calicem mihi Metili:
iuro per Syrios tibi tumores,
iuro per Berecynthios furores.*

*Quid dixi tamen? Hoc leue et pusillum,
quod notum est, quod et ipse non negabis:
dixi te, Coracine, cunnilingum*

*Se dixen, Coracino, que foses un invertido;
non son tan irresponsable nin tan audaz
nin son home ó que guste contar mentiras.*

*Non dixen, Coracino, que eras un invertido,
que se volva contra min a furia da botella de
Poncia ou a da copa de Metilio:
xírocho polos sirios hidrópicos
e polo fanatismo dos sacerdotes de Cibeles.*

*¿Que dixen, logo? Algo sen importancia,
que todo o mundo coñece e que ti non me vas negar:
dixen, Coracino, que es un lambeconas.*

6. Camilo González Suárez-Llanos, no mundo literario Camilo Gonsar

Eu nunca falei con Camilo González Suárez-Llanos. Pasoume con el o mesmo que con moitas outras persoas, que por unha razón ou outra, vin algunha vez pasar preto de min e, malia ter curiosidade por elas, non me atrevín, na miña tenaz timidez, a achegarme a elas e falarlles. Porque eu lembro ter visto algunha vez en Sarria a Camilo, e sempre me interesou aquel home que me parecía estraño, solitario, sarrián mais afastado da xente, pero que tiña o notable atractivo de ser escritor, e ademais en galego, dende que publicara en 1961 un libro de relatos, *Lonxe de nós e dentro*, e un ano despois unha novela, *Como calquera outro día*. Foron obras que, na primeira edición, pasaron con mais pena que gloria. Ás miñas mans chegaron axiña, cando facía o Preuniversitario en Lugo; lembro a penas que me pareceron difíciles, escuras, quero dicir nos contidos, non na lingua, que era fluída, sinxela, doada de comprender.

Fáltame moita información sobre o Camilo de Sarria, porque non teño idea cabal das persoas que tiveron relacións de amizade con el; eu xa dixen que nunca cambiei unha palabra con el, o cal tampouco é raro, pois levábame dezaseis anos, unha diferenza de idade que é moi grande cando un é novo. Gustaríame saber que amigos tiña, de que falaba con eles, en que lingua; supoño que sería en castelán, como era de esperar nun home de moitos estudos, pertencente a unha familia culta e elegante. Pero teño dúbidas sobre este aspecto, quero dicir o da súa lingua habitual, porque o certo é que a meirande parte de canto publicou na súa vida foi en galego, polo menos que eu saiba, tanto os libros como algúns artigos de opinión ou pensamento.

Soamente por facer unha breve presentación do escritor, limitareime a sinalar que naceu en Sarria en 1931, preto do río, pois a súa familia era a propietaria da botica que chamabamos “Farmacia da Avenida”, e lindaba co camiño que levaba dende a estrada xeral ao matadoiro e ao Chanto. Estudou Filosofía e Dereito en Madrid, e completou os seus estudos con viaxes; de feito, aos trinta anos, foi durante un curso docente na University of Syracuse, nos Estados Unidos. Despois fíxose catedrático de Filosofía, profesión que exerceu en varias cidades, ata fixar a súa residencia en Vigo. Tiña unha cultura inmensa, como pode detectarse nas súas obras; sabía latín, lingua que cita sempre que pode, francés, inglés, supoño que tamén alemán, pois estrañárame moito que non fose do orixinal unha tradución ao galego que fixo de Leibniz. Escribiu poucas obras, principalmente en galego: *Lonxe de nós e dentro* (1961), relatos; *Como calquera outro día* (1962), novela; *Cara a Times Square* (1980)⁴, relato longo; *A desfeita* (1983)⁵, novela; *Arredor do non* (1995), relatos; *A noite da aurora* (2003), novela. Nestas seis obras, poucas, pero que fan de Camilo Gonsar, pseudónimo que adoptou pronto, unha das figuras de maior relevo e das máis orixinais da narrativa galega, é onde eu tiven que intentar coñecer a lingua galega do meirande narrador de Sarria, cousa na que me vin axudado por declaracións explícitas súas, escolmadas das súas obras. Agora teño unha curiosidade inmensa por Camilo Gonsar⁶, pola súa obra e polo seu galego, sobre o que vou lervos dúas consideracións súas que pagan a pena.

4 Foi traducida ao castelán: *Hacia Times Square*, Gijón, Ediciones Trea, 1999.

5 Traducida ao castelán, co título *Debaçle*, por Xavier Rodríguez Baixeras, Gijón, Ediciones Trea, 2003.

6 E non menos chama a miña atención a súa narrativa en castelán, da que é moi boa mostra o longo libro *Luz del Príncipe-Sol (Catro relatos de segundo grado)*, Vigo, Nigra Imaxe, 1996, conxunto de catro relatos (El Ingeniero, El Estudiante, El Político, El Príncipe-Sol), propiamente calificados por Camilo Gonsar “relatos de segundo grado”, segundo o concepto de Gérard Genette, por seren creacións a partir de personaxes da novela *Os Demos*, de Dostoyevski, como explica o propio autor no curto Prefacio desta moi interesante obra.

En 1995, Camilo publica en Edicións do Cumio un pequeno libro de relatos, *Arredor do non*, que leva un curto Prólogo de Méndez Ferrín, que, entre outras cousas, di: “Perfectamente incorporado á masa destes textos, a cultura literaria, histórica, filosófica, do autor eleva o produto e nolo sitúa, en bloque, nun planalto de pensamento que se agradece nesta hora de consagración da febleza intelectual” (p. 9). Pois ben, o libro comeza coa ficción literaria de dicir que os relatos pertencen a un amigo de Camilo, un tal Andrés Goián, do que o narrador sarrián fai unha sinxela presentación. Vese moi ben que o que di o noso escritor sobre ese maxinado Andrés refírese sen dúbida a si mesmo; por iso, paga a pena que reflexionemos sobre estas afirmacións:

Tampouco me sorprende en absoluto o idioma literario de Andrés. Pois o galego é o “seu” idioma. [...] En calquera caso, el nunca tivo ningunha dúbida sobre se escribir ou non en galego. Pois, como dixen, é o seu idioma, o idioma da súa infancia e da súa adolescencia, o que conformou a súa relación co mundo e con el mesmo. Para el, desde logo, non ha ser nunca unha lingua morta. Ademais, Andrés sostén con enerxía a idea de que, máis que falar de linguas vivas e mortas, habería que falar de pobos vivos e mortos. As linguas, mediante as súas literaturas, poden continuar victoriosas sobre o paso dos séculos malia que non quede ninguén na terra que as fale nin que as use para escribir [...] Aínda que non houbese galegofalantes, a cantiga de Mendiño non sufriría por iso merma ningunha. (Gonsar 1995: 12-13).

Sería posible falar horas e horas sobre estas ideas tan maravillosamente formuladas encol das linguas vivas e mortas, dos pobos vivos e mortos. Subxace un principio no que eu estou totalmente de acordo con Camilo Gonsar: se un día o galego pasase a ser unha lingua morta, Galiza non sería máis Galiza, sería outra cousa, sería sen dúbida un pobo morto.

No mesmo libro *Arredor do non* Camilo Gonsar faise unha “Autoentrevista”, que é absolutamente precisa e preciosa para comprender as súas ideas, en especial as que teñen que ver coa lingua. Vou deixar que fale de novo el, como homenaxe a este sarrián que ten un posto asegurado nos cumios da narrativa galega do século XX, e que amou sen límite o galego, lingua que confesaba ter aprendido en Sarria. Á pregunta sobre que pensa do bilingüismo e da autonomía, contesta:

Non creo no bilingüismo. Ser ao mesmo tempo un eu e un yo constitúe un desdoblamento da personalidade, o cal é sempre patolóxico. Por outra parte, parécese inxusto que a unha parte dos cidadáns desta Nación se lles obrigue a ser bilingües se queren conservar o seu idioma propio. Desde logo, non defendo un illamento idiomático; todo o contrario. ¿Alguén pode pensar seriamente que os andorranos están menos capacitados que os aragoneses

ou que os extremeños para comunicarse no mundo por teren como único idioma oficial o catalán? Pero é que, ademais, o noso idioma dista moito de ser unha rareza, unha reliquia curiosa; ten proxección mundial, a través dos seus descendentes, e espero que ao sinalar isto non se me acuse de manía de grandeza... (Gonsar 1995: 115).

Camilo González Suárez-Llanos, no mundo literario Camilo Gonsar, faleceu no outono de 2008, aos setenta e sete anos. Non sei se a Vila de Sarria, que levaba sempre no seu corazón, malia ter residencia normal en Vigo, lle ten tributado a homenaxe de recoñecemento que merecía e merece.

7. Xela Arias

A morte súbita de Xela Arias o 1 de novembro de 2003, cando aínda non chegara aos corenta anos, sorprendeu de modo tremendo ao mundo da cultura galega; o pesar, a dor que caeu sobre as xentes das letras galegas quedou perfectamente plasmada no libro-homenaxe que saíu so un ano máis tarde, *Xela Arias, quedas en nós*. Nese libro pódese atopar todo o que eu queredría dicir aquí hoxe, pero o certo é que vou falar pouco, pois xa levo moito escrito para este meu relatorio. Porén, de Xela gustárame dicir moitas cousas, porque a miña admiración por ela, xa confesada en 2001 no meu artigo xornalístico “Xela Arias, superación constante”, despois recollido no libro *Tecer con palabras* (Pociña 2007), e máis tarde na homenaxe de que acabo de falar, foi e segue a ser unha admiración moi grande.

Xela, con só quince anos menos ca min, pertencía xa a outra xeración, se pensamos a efectos da aprendizaxe do galego. Foi a lingua que aprendeu de labios de súa nai e de seu pai, Valentín Arias e Amparo Castaño, dúas persoas preciosas; un galego de moito peso, como certifican as incontábeis traducións de Valentín Arias, sen dúbida o mais recoñecido tradutor do noso tempo ao galego⁷. Ese pai, que é esa persoa encantadora e xenerosa, cando Xela tiña só seis anos, publica no folleto das “Fiestas de San Juan de Sarria” un artigo titulado “Xeliña fala galego”; con

7 Traducións súas son, entre outras moitas, as de Jules Verne (*A volta ao mundo en 80 días*, Vigo, Xerais, 1985 -2008, 3ª ed.-; *Da Terra á Lúa*, Vigo, Edicións do Cumio, 1988), de Maria Gripe (*A filla do espantallo*, Madrid, Edicións SM, 1993), de Gianni Rodari (*Contos á máquina*, Barcelona, Juventud, 1995), de Jacques Fansten (*A fractura do miocardio*, Vigo, Xerais, 1996), de Ricardo Mella (*Lombroso e os anarquistas*, Vigo, Xerais, 1999), de Bernardo Atxaga (*Memorias dunha vaca*, Madrid, Edicións SM, 1999), de Jean-Marie Gustave Le Clézio (*Mundo e outras historias*, Vigo, Xerais, 2008); etc. Merecidamente recibiu os prestixiosos premios de tradución Ramón Cabanillas, Nacional, Plácido Castro.

ese orgullo de pai que sabe que a súa filla vai loitar, coma o fai el, pola lingua do seu sangue.

Xa lembrei o estupendo artigo de Arlindo, o cronista da Vila de Sarria (López Arias 2004), sobre os tres nomes de Xela: primeiro María de los Ángeles, despois María dos Anxos, por fin Xela: unha loita da poeta polo nome que lle deran na casa, unha loita con moitísimo sentido, pois eses tres nomes *oficiais* na súa acta de nacemento do Rexistro Civil demostran unha maneira de ser, de pensar, de amar, en fin, de amar a lingua propia, que é o mesmo que amar á nai, ao pai, ao inesquecible fillo Darío, á patria, aos amigos...

Non vou estragar a inmensamente valiosa biografía de Xela con un resumo que me deixaría insatisfeito. É fácil atopar o libro *Xela Arias, quedas en nós*, e na parte final, titulada “Un día tiven desexos e cumprinos. Aproximación biobibliográfica”, está contado todo, sen dúbida polo seu meirande admirador, seu pai Valentín. Pero como o meu proxecto, a miña promesa, era falar do galego da literatura da Comarca de Sarria, vou limitarme ao que opinaba do galego de Xela unha autoridade como Méndez Ferrín nun artigo escrito con motivo da morte de Xela: “Naturalmente a opción lingüística de Xela foi polo galego, pro os galegos literarios poden ser varios: desde o que cede rédea lusista pola man dereita ao que a tensa pola esquerda do castrapismo en procura de lectores a baixo prezo. Xela Arias recolleu o galego literario “enxebre”, entendendo a adxectivo no senso de autónomo, noso, patrimonial, nacional-popular. Estudou a lingua na voz dos que falan e tamén na dos que pulan por abandonala sen o dar conseguido; e mais nos libros, na historia e nesa realidade intanxíbel que é a palabra dos mortos que, como ela hoxe, non deixan de nos falar. Tal habelencia foi trasladada pola autora á arte aplicada da tradución, terreo no que brillou e foi notoria”.

Ademais de moitos poemas espallados por revistas, Xela deixounos catro libros poéticos fundamentais, *Denuncia do equilibrio* (1986), *Tigres coma cabalos* (1990), *Darío a diario* (1996), *Intempériome* (2003). Neles está ese galego que tan precisamente define Méndez Ferrín; un galego no que, referíndose ao primeiro poemario publicado, Carmen Blanco subliñaba unha nota persoal innovadora: “Ten certo interese tamén destacar a presenza neste poemario de Xela dunha linguaxe ‘nova’, reflexo dunha ‘nova’ mentalidade sobre a muller. Esta linguaxe non é, desde logo, exclusiva deste sexo, aínda que si sexan algunhas mulleres as que levan a dianteira no que poderíamos chamar proceso de feminización da sociedade, que, por outra parte, non é por hoxe máis que un fenómeno marxinal” (Blanco 2004: 115; e Blanco 1991: 151 ss.). Mais, como ocorre sempre, para falar de lingua dun autor ou dunha autora, non hai cousa mellor que deixarlle que fale: eu doulle a palabra a Xela, para que amose o seu galego no poema “Acompañame”, do libro *Tigres coma cabalos*:

*Son dun tempo
de espectáculos, lanternas e acebeches comigo.
Tamén sei dunha violencia de silencio
en serpe oculta de maligno
que maldigo.*

*Na raia da evidencia -tan ás claras-
eu tributo, distraída dos pans,
cada pedazo entre o noxo das brasas,
no malestar do cotián ese
odioso canibal dos meus ollos.*

*Porque
sei de sereas verdadeiras tamén cantando venenos,
e mais das inmensas prosas do descanso.
Pero é que as miñas zonas
tamén son rostros conxestionados polo traballo.
Maldigo o precio de vida que arrastran,
e fusilo de min a disciplina da ordenanza.
(Arias 1990: sen páxina).*

Deste libro, cun galego moi axeitado á expresión do pensamento da poeta, coa beleza das imaxes propias dunha lingua literaria xa madura, teño que pasar a lembrar polo menos un poema de *Darío a diario* (1996), un libro con dous protagonistas, a poeta Xela Arias e o seu filliño Darío, un bebé de nove meses: a nai fala co fillo, do presente, día a día, e do futuro, e as palabras corren polo verso como as augas polos ríos, craras, transparentes, brillantes, fermosas, feiteceiras, engaiolantes. Como escribiu Aurora López no seu estupendo comentario deste gran libro, “deixa unha fermosa imaxe da poeta, unha nai que ama sen afogar, que deseña un fillo libre, libre de todo e de todos, mesmo libre dela, da súa influencia...” (López 2004: 127):

*Tódolos bebés son tu e ningún coma ti.
Tódolos nenos son tu e ningún coma ti.
Tódolos adolescentes son tu e ningún coma ti.
Tódolos mozos son tu e ningún coma ti.
Tódolos anciáns son tu e ningún coma ti.
Tódalas nais son eu e todas, coma min, saben que es único. (Arias 1996: 15)*

Hai, ademais, o galego das traducións feitas por Xela; eu opino que os tradutores e as tradutoras, como Valentín Arias e a súa filla Xela, senten unha preocupación

persoal pola mellora da lingua que se reflicte despois nas versións que nos fan de obras estranxeiras. Nese aspecto a sarriá de elección, non de nacemento, Xela Arias foi e será sempre, malia a súa curta vida, un exemplo do que Sarria debe sentirse moi orgullosa.

8. Fiz Vergara Vilariño

A máis curiosa variedade da lingua galega da Comarca de Sarria é a que atopamos na poesía de Fiz Vergara Vilariño. No ano 2003, un prestixioso xornalista tamén nado na nosa comarca, Luís Celeiro Álvarez, publicou un extraordinario estudo sobre a vida e a obra do poeta de Santalla de Lóuzara, titulado *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza* (Celeiro Álvarez 2003). Alí queda dito todo: como aprendeu Fiz o galego na súa terra natal, como o foi mellorando na súa moi temperá entrega á literatura, sobre todo á poética, como o empregou para entenderse, malia que cada vez lle custaba máis traballo que o comprendesen, con mestres literarios como Xesús Alonso Montero, Manuel María, Darío Xohán Cabana, Antón Tovar, Claudio Rodríguez Fer... Pero o galego de Fiz é diferente de todos os galegos: é, como dicía el, o louzariño, o galego de Lóuzara. No libro de Lois Celeiro hai un capítulo titulado “Prontuario lexicográfico louzariño”, que contén cento cinco palabras, todas de Fiz e de Lóuzara. Hai moitas que son preciosas: curiosamente a primeira é tamén de Sarria, pois trátase da palabra “aceña”, que se traduce por “muíño”; todos os que temos certa idade chamamos sempre “as Aceñas” a aquela parte idílica do noso río, que agora lle chaman “as Aceas”. Hai algunhas palabras que non son exclusivas de Lóuzara ou de Fiz; en cambio, moitas outras son descoñecidas, ao menos para Luís Celeiro e tamén para min, fóra dos versos de Fiz, como *arrunfado* (arroutado), *bremanza* (brétema de tristura e desespero), *bulleiroso* (lamacento), *caliangro* (abismo, barranco), *claudiar* (asasinar), *embulleirada* (lamacentá), *eshurmido* (esfameado), *tirofeito* (directamente), *xabreira* (sombriza, adxectivo que case sempre vai unido ao topónimo Lóuzara), etc. Hai, pois, moito que estudar sobre a lingua da Comarca de Sarria nesa forma peculiar que se acha nos versos de Fiz Vergara Vilariño.

Para rematar vou relatar unha historia que só saben a miña muller e os meus fillos, moi poucas amizades, e Irene, a irmá de Fiz. Ao comezo do meu pequeno poemario *Apócrifo de Fiz matinado en soños* conto a historia desta maneira (Pociña 2006):

Eu non coñecín a Fiz, nin cheguei a ve-lo na miña vida, malia sermos case veciños. A existencia nunca nos cruzou. Emporiso souben del, xa dende o momento de saír *Pra vós*, un libriño de versos, eso dician, dun rapaz enfermo, de Lóuzara. Todo se sabe nunha aldea coma Santalla, nunha vila coma Sarria,

mesmo nunha cidade-aldea coma Lugo. Lin aquel libro, porque lía todo o que saía en galego, que naquel tempo aínda era ben pouca cousa; teño que busca-lo na casa de miña nai, porque ten que andar por alí. Non me chistou moito, para que imos mentir; pero quedáronme gravados na alma catro versos:

*Vou con vós, veño con vós;
vós vádesme afoutezando,
pregúntovos saloucando:
¿Por qué me fixo isto Dios?*

“Isto” sabíase o que era, en Lóuzara, en Sarria, mesmo no Lugo de Alonso Montero. Eu xa estaba lonxe, mais nunca perdín a Fiz por completo.

Moito tempo despois, xa morto Fiz, recupereino dun xeito estraño, por razóns que non quero contar nin podo. Falamos un día dos versos do “solitario de Lóuzara”, e eu decateime de que para min pasara a ser un perfecto descoñecido. Esa noite veume ver, en soños, neses meus soños, longos, poboados de xentes, cousas e detalles que os volven máis reais que a realidade, e só me pediu que lese os seus libros. Pódese crer esto que conto, ou non, pero é a pura verdade. E lin un tras outro todos os seus libros, todos os seus versos, os que tiña na casa e os que me mandaron, requiridos con toda urxencia, eses dous anacos do meu corazón que se chaman Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer. E tamén, ás carreiras, Luís Celeiro respondeu á miña petición dun fermosísimo libro que acababa de publicar, *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza*.

Desde entón volveu Fiz ós meus soños, longos, case sempre en cor, pero tamén en branco e negro algúns, agora sen máis persoas que nós, el e máis eu, agora menos reais, porque eu sabía que eran soños, mesmo antes de saír deles, obrigado, con mágoa. E foi el quen me falou de si, e me explicou os seus versos, deixándoos ceibes desa costra literaria coa que sempre adornamos a sinceridade dos nosos sentimentos, cando nos ocultamos baixo ese disface que que chamamos a poesía lírica.

Eu quixen contar ese Fiz que matinei en seños, cunha presenza onírica, chegada ata min dun xeito imposible, no que non creo en absoluto. E a ese Fiz matinado en soños quixen darlle forma literaria, empurrado pola forza da súa escrita, seducido por ela, e gañado pola amizade dun home que non cheguei a coñecer, pero co que trabeei unha camaradería perdurable grazas ós seus libros e ás súas visitas en soños. Todo foi no derradeiro mes do ano 2003.

Fiz Vergara Vilariño, que foi construíndo a súa existencia con moito amor e moita dor, sen máis argamasa que a palabra, a palabra galega, na súa persoal fala louzariña, deixounos no derradeiro poema dun dos seus libros máis fermosos, *Pastora de sorrisos* (Vergara Vilariño 1993: 98-98), esta lección de amor na palabra:

*Fálalle ó labrego con amor;
fálalle ó mariñeiro con amor;
fálalle a todos con amor;
con moito amor;
con moito amor;
con moito amor.*

*Que as tías verbas ateiguen de amor
o peito das xentes sinxelas,
das xentes tristeiras e humildosas,
das xentes desamparadas na noite dos séculos.*

*Que os teus beizos lle ensinen ó pobo
esta razón madurada no meu corazón
dende o principio,
esta razón inxel e pequena:
“Tan só o amor é revolución”.*

*Porque vivimos nunha patria maceirada
á forza de aldraxes
e nos afundimos na bosta social ata o cocote:
e confiamos ser tan uteis
coma o pan centeo e as gamelas,
loitemos por facer realidade a miña razón,
ergamos a nosa voz senlleira e berremos:
“¡Tan só o amor é revolución!”.*

*Porque temos milleiros de irmáns
a sufriren lonxe da terra.
e outros tantos andan descalzos entre as ondas,
e outros tantos furgan a diario
no terrón duro e escravo,
ergamos a nosa voz ós catro ventos e berremos:
“¡Tan só o amor é revolución!”.*

*Que tendo amor abondo, loitando con amor,
amando e sintíndonos amados,
non compren máis armas cas palabras nías
para construírmos unha patria
enchida de pan e traballo,
e galos noviños a proclamaren
a xusticia dende os cataventos.*

*Aprende, Bolboreta, estes versos,
grávaos rexamente no corazón e na memoria,
e mañá cedo viste o traxe de romeira e campesiña,
e sae ós camiños
a sementar a miña mensaxe con amor
con moito amor,
con moito amor,
con moito amor.*

No remate do meu libro *Apócrifo de Fiz matinado en soños*, eu atrevínme a poñer en labios de Fiz este poema que vou copiar de seguido (Pociña 2006: 59), como se fose seu, e podo xurar que me dixo, no penúltimo dos soños en que falamos os dous, que lle gustara:

*Nin unha bágoa, naiciña,
por este corpo que non paga a pena.
que amou moito,
que xamais foi amado.*

Nin unha bágoa, naiciña, prégocho.

*Nas noites de verán azuis con lúa
olla cara ó Cebreiro
e aquela estrela que escintila
son eu, o Fiz, que está a saudarte.*

* * * * *

Esta miña achega á lingua da Comarca de Sarria vai dedicada con todo o meu afecto ao meirande escultor que deu a Vila de Sarria nos nosos días, Pepe García Fuentes (1940-2010), émulo impar de Gregorio Fernández, unha persoa que me quería moito, e que eu quería e quero moito.

Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, X. (1974): “Veiga Arias, Amable”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXX, p. 8 (Gijón: Silverio Cañada editor).
- Alonso Montero, X. (1994): “Marcial en Triacastela”, *La Voz de Galicia* 8-5-94, IV.
- Arias, V. (ed.) (2004): *Xela Arias, quedas en nós* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).
- Arias, X. (1990): *Tigres coma cabalos* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).

- Arias, X. (1996): *Darío a diario* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).
- Blanco, C. (2004): “A denuncia do equilibrio”, en V. Arias (ed.), *Xela Arias, quedas en nós*, pp. 111-116.
- Blanco, C. (1991): *Literatura galega da muller* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).
- Campo, M. (1992): *Treas as portas do rostro* (A Coruña: Bahía Edicións).
- Celeiro Álvarez, L. (2003): *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza* (Lugo: Fundación Caixa Galicia).
- Díaz Fuentes, A. (1998): *Toponimia de la Comarca de Sarria* (Lugo: Diputación Provincial).
- Gonsar, C. (1995): *Arredor do non* (Vigo: Edicións do Cumio).
- López, A. (2004): “Unha nai fóra de sospeita: Xela Arias en *Darío a diario*”, en V. Arias (ed.), *Xela Arias, quedas en nós*, 121-128.
- López, A. (2008): “Una madre fuera de sospeita: Xela Arias en *Darío a diario*”, en A. López, *De Safo a Alfonsina. Las mujeres en su literatura y en la masculina*, 263-271 (Sevilla: ArCiBel Editores).
- López Arias, X. L. (2004): “Do *Xeliña fala galego* á Xela”, en V. Arias (ed.), *Xela Arias, quedas en nós*, 17-18.
- López Villarabid, V. (1995): *Sarria* (León: Editorial Everest).
- Marcial (1999): *Epigramas*. Introducción Dulce Estefanía. Traducción Amable Veiga Arias. 2 vols. (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia e Editorial Galaxia).
- Méndez Ferrín, X. L. (1995): “Prólogo” a Camilo Gonsar, *Arredor do non*, 7-9 (Vigo: Edicións do Cumio).
- Méndez Ferrín, X. L. (2004): “No pasamento de Xela”, en V. Arias (ed.), *Xela Arias, quedas en nós*, 78-79.
- Pociña, A. (2006): *Apócrifo de Fiz matinado en soños* (Sada - A Coruña: Edicións do Castro).
- Pociña, A. (2007): “Xela Arias, superación constante”, en *Tecer con palabras. Mulleres na poesía en castelán, galego e portugués*, 295-300 (Santiago de Compostela: Edicións Correo). (Despois en V. Arias (ed.), *Xela Arias, quedas en nós*, 105-110).
- Pociña, A. (2012): “Novas reflexións sobre *O paxaro na boca* (1952) de Luz Pozo Garza”, en AA. VV., *Sementar para os que veñan. Homenaxe a Camiño Noia*, 237-254 (Vigo: Univ.).
- Vergara Vilariño, F. (1993): *Pastora de sorrisos* (Lugo, Sons Galiza).
- Vilavedra, D. (1995): *Diccionario da Literatura Galega. I. Autores* (Vigo: Editorial Galaxia).
- Xiz, X. et alii (1994) : *Autores lucenses actuais* (Lugo: Deputación Provincial).